




Como pode solicitar a súa entidade a:

**Declaración de utilidade pública de asociacións no ámbito galego**



Material elaborado polo equipo de DINAMIZACIÓN COMUNITARIA do Obradoiro MAIV DUAL 2022



# Declaración de utilidade pública de asociacións

Declaración de utilidade pública das asociacións.



A medida máis importante

Promoción

Impulso

Intervén nos ámbitos: educativo, cívico, científico, cultural, sanitario, asistencial, solidario, ambiental ou deportivo, entre outros.

Beneficiar, coa súa actuación desinteresada, á sociedade en xeral ou a un colectivo indeterminado de persoas.



# Declaración de utilidade pública de asociacións



## Requisitos da declaración de utilidade pública

Que os seus fins estatutarios tendan a promover o interese xeral.

Que a súa actividade non estea restrinxida exclusivamente a beneficiar ás persoas asociadas, senón aberta a calquera outra persoa beneficiaria que reúna as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus propios fins.





Que os membros dos órganos de representación que perciban retribucións non o fagan con cargo a fondos ou subvencións públicas.

Que conten con medios persoais e materiais adecuados e coa organización idónea para garantir o cumprimento dos fins estatutarios.

Que se atopen constituídas, inscritas no rexistro correspondente, en funcionamento e dando cumprimento efectivo aos seus fins estatutarios, ininterrompidamente e concorrendo todos os precedentes requisitos, polo menos durante os dous anos inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.



## Declaración de utilidade pública de asociacións

- Procedemento que debe terminar cunha resolución expresa e motivada, accedendo ou denegando a petición.
  - Pola persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
  - No prazo de seis meses.
  - O vencemento do prazo máximo, sen terse notificada resolución expresa, terá como efecto a desestimación por silencio administrativo.
- 
- 
- 
- 



# Declaración de utilidade pública de asociacións

➔ Solicitud de declaración de utilidade pública (PR310A).

➔ Documentos a presentar coa solicitude

- \* **Informe xustificativo:** obxectivos da asociación e as razóns da petición (considerada utilidade pública) e con especial referencia as súas **actividades de interese xeral**.
- \* **Memorias:** actividades (desenvolvido ininterrompidamente durante os dous exercicios económicos anuais precedentes a aquel no que se presenta a solicitude). Unha por cada exercicio económico, asinadas polos membros do órgano de representación da entidade.
- \* **Contas anuais** dos dous últimos exercicios pechados (balance de situación, a conta de resultados e a memoria económica, que amosen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade).
- \* **Certificacións** das: Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que conste que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e que non constan débedas.
- \* Copia de **alta no epígrafe** correspondente do Imposto sobre Actividades Económicas, no seu caso.
- \* **Certificación** do acordo do órgano da asociación que sexa competente polo que se solicita a declaración de utilidade pública.
- \* **Xustificante do pagamento** da taxa correspondente.

# Declaración de utilidade pública de asociacións

## Revogación da declaración de utilidade pública

Declaración de utilidade pública

↓  
deberes →

- Facilitan o control do seu adecuado funcionamento
- Cumprimento efectivo dos seus fins estatutarios
- Correcto destino dos beneficios económicos recibidos

Os principais incumprimentos das asociacións que lexitiman á Administración para iniciar de oficio un procedemento de revogación da utilidade pública.

- Non rendición de contas en prazo
- Rendición con defectos

De non ditarse e notificarse resolución expresa no prazo de seis meses, o procedemento de revogación entenderase caducado.



PORTAL ASOCIACIONS  
MAIV

Material realizado pola

**Especialidade de  
Dinamización Comunitaria**

**Obradoiro de Emprego**

**“MAIV DUAL 2022”**

